| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG | | |
| **Documento** | **Expediente** | **Fecha** |
| CMG13I0KH | CON/56/2018 | 13-03-19 13:36 |

CONCELLO DE SANTIAGO

Sello o Certificación Mecánica

Número 16 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural,Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao rexeitamento de ofertas e adxudicación do contrato de obras de cuberta da pista polideportiva de Verdía. POS (Plan Unico de Concellos) 2018.

Destinatario

15078DCMG13I0KH1

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11 de marzo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

**16.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL,MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA AO REXEITAMENTO DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE CUBERTA DA PISTA POLIDEPORTIVA DE VERDÍA. POS (PLAN UNICO DE CONCELLOS) 2018.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, de data 5.marzo.2019; así como do informe da xefe de sección de Intervención, nº 2019/111, de 6.3.19, favorable con observacións, que conta co conforme do interventor.

O texto da dita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal,** concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación *"Cuberta da pista polideportiva de Verdía. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018"*, consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

Primeiro: Con data 19 de febreiro de 2019, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador COVISAM NORTE SL.

Segundo: Con data 5 de marzo seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL e GROMA OBRAS SL por non xustificar debidamente o carácter anormal ou desproporcionado das súas baixas.

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa COVISAM NORTE SL (CIF: B70416011), por un importe de **93.988 euros** (IVE aparte 21%: 19.737,48 euros), ao ser a oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía de catro anos sobre o mínimo previsto.

A supervisión deste contrato corresponde ao servizo municipal de obras e proxectos, que adscribe a Antonio Ranedo Santillana, arquitecto xefe de servizo, á realización desa función.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 93302 62200.**"

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL e GROMA OBRAS SL por non xustificar debidamente o carácter anormal ou desproporcionado das súas baixas.

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa COVISAM NORTE SL (CIF: B70416011), por un importe de **93.988 euros** (IVE aparte 21%: 19.737,48 euros), ao ser a oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, comprometer unha ampliación do prazo de garantía de catro anos sobre o mínimo previsto.

A supervisión deste contrato corresponde ao servizo municipal de obras e proxectos, que adscribe a Antonio Ranedo Santillana, arquitecto xefe de servizo, á realización desa función.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 93302 62200**.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo:Xan Xesús Duro Fernández**